



ENTREVISTA DA APDR COA XEFA DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS

Membros da Xunta Directiva da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) manterán mañán martes 21 de xuño ás 11:30 horas e nas instalacións que o citado Servizo do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente na rúa San Xosé, unha entrevista coa Xefa do Servizo provincial de Costas, Dna. Cristina Paz-Curbera.

A citada entrevista, solicitada desde a APDR, xirará arredor do tema da caducidade da concesión de ENCE no dominio público en Lourizán e, xa que logo, sobre a posíbel concesión dunha prórroga da súa actividade na Ría mais aló do 2018, un tema no que a asociación ten interposto alegacións por entender que desde a súa chegada á Ría, ENCE ten incumplido as condicións fixadas no título concesional, de forma particular no que fai aos aspectos medio ambientais. Nesta entrevista, a APDR pretende intercambiar opinións e información coa Xefa do Servizo provincial de Costas sobre o “Informe-proposta de resolución” remitido desde o citado servizo pola Sra. Paz-Curbera no pasado mes de xuño e sobre o que a asociación ten serias diferenzas coa remitente.

Neste sentido, e tal como adiantamos no seu momento aos medios de comunicación, na APDR formulamos no mes de xuño pasado novas alegacións por entender que as presentadas inicialmente non foron debidamente tratadas, e que mesmo foron ignoradas nalgún caso, o que –para nós- é unha falta de consideración co colectivo, coa sociedade que representa e mesmo para a democracia.

Na APDR estamos convencidos/as de que a reunión coa Xefa do Servizo de Costas será frutífera e permitirá coñecer alomenos en que situación se encontra o expediente de caducidade da concesión da fábrica de pasta de papel e, en definitiva, qué percorrido ten o citado expediente e cales os pasos a dar de agora en diante por parte da administración central do Estado.

Pontevedra, 20 de xuño de 2015

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.